# LA RAZÓN

P A S A P O R T E


en Pé de PEDRA



ger los espacios y la cuidada selección de las compañías. Las consecuencias: los bailarines se entregan, el público lo nota y la ciudad, por unos días, muta.

Este año, para tal fin, Vallés ha programado siete compañías: Mal Pelo, es decir, María Muñoz y Pep Ramis, inaugurarán el festival en un espacio ya clásico, la Praza das Praterías, con una pieza creada exclusivamente para esta cita: «Canción para Santiago». La segunda en lid será Teresa Nieto, que actuará en uno los rincones más bellos del asombroso parque colindante al Centro Gallego de Arte Contemporáneo (CGAC). Allí, Nieto ofrecerá un solo, «Fa-dos», en el que recreará memorias y paisajes de Portugal bajo música de María da Fe y Dulce Pontes. El rincón, bajo una puerta de Chillida. También en el parque de Bonaval actuarán El Punto Danza Teatro de Sevilla, con «Jaula de grillos», el primer montaje de danza y hip-hop que se presenta en el certamen; y una compañía nueva, ¿Qué tal estás?, del alemán Dominik Borucki y la canaria Natalia Medina, que presentará su primera creación en la Fachada del Convento de Bonaval. Uno de los momentos mágicos ocurrirá entre un bosque de Carballos, en la Carballeira de Santa Susana del parque de la Alameda, donde actuarán Au Ments, con«El viaje Tarambana». En la Praza da Quintana, otro de los espacios clásicos, estará una nueva compañía catalana dirigida por Alexis Eupierre. Su pieza, «Zoom», de puro cuño contemporáneo y gran fuerza visual, utilizará esta plaza abierta al cielo y empotrada en un convento de rejas para hablar de las puertas entre los interiores y el exterior. Y como plato más internacional llegará desde Italia la compañía de Bassini Bruni con un espectáculo que mezcla música en vivo, teatro y danza y evoca ambientes de verbena de la Italia de provincias. Será en el Paseo da Ferradura.

Ahora, el certamen gallego ha entrado en el colectivo Ciudades que Danzan, una red europea de festivales de características análogas. Algo que puede provocar que la batalla y el grito de guerra de estos compostelanos no parezca el de alguien que clama en el desierto.

*«En pé de pedra. Danza para paseantes». Del 22 al 24 de junio. Sala Galán. Gómez Ulla, 7. Tlf. 981 585 166.*

## Pequeña gran historia

**«En pé de pedra» tiene su pequeña historia: la de un festival que ha calado entre el público y decidido seguir en esa línea donde se crea desde lo pequeño pero sin renunciar a los altos vuelos. Llama la atención mirar ahora, siete años después, la primera programación del certamen: Andrés Corchero, Provisional, Teresa Nieto, Francesc Bravo... Ahí es nada. Pero no todo son historias felices: este año la programación es más reducida -de nueve compañías pasa a siete-. El presupuesto es de risa si lo comparamos con otros festivales: algo más de nueve millones de pesetas. Uno de los momentos más dramáticos se vivió en 1997, cuando la sala, con todo el festival proyectado ya, tuvo que suspender por falta de apoyos. Algo que no ha desanimado, sino todo lo contrario, a estos gallegos: «Desde que abrimos la sala teníamos la idea de hacer esto. Pero no dinero. En 1993 realizamos una experiencia entre Matarile y Provisional, se llamó "Café de noite". Funcionó tan bien que nos reafirmó en la idea de que se pueden hacer cosas diferentes al pasacalles, el teatro de calle o el gran espectáculo de fuegos de artificio. Con los años nos abrimos internacionalmente (por allí han pasado compañías yugoslavas como Dah Teatar, norteamericanas como Prometheus Dance o japonesas como Yan Shu), aunque no tenemos la idea de crecer en exceso, sino de mantener la frescura y la buena relación entre compañía y público. Si fuera algo más macro se no irían los orígenes», explica Vallés.**


Yan Shu

**«Se ha llegado a aplaudir, como el año pasado después de la última función de Provisional, a los técnicos. Eso es precioso, yo no lo he visto nunca. Llega un momento en que todo se contagia. Al final, los técnicos encendieron bengalas rojas y el aplauso fue tremendo, la gente no se iba, era un aplauso a todo, a que pasara esto en Santiago». Las noches suelen acabar en el inconmensurable bar Dezaseis, donde se charla mientras se come pulpo y calderetas, y el ribeiro, el orujo y el licor de café van asentando el día. Un lugar, en fin, donde la vida se une con la danza.**


Andrés Corchero y Rosa Muñoz




LA RAZÓN
PASAPORTE

en Pé de PEDRA







«Canción para Santiago», de Mal Pelo

## FESTIVAL EN PÉ DE PEDRA

por P. C.

**Esta semana, en Santiago de Compostela, comienza uno de los pocos festivales abiertos, caseros e internacionales, pensados y espontáneos que nos quedan. En pé de pedra -o En pie de piedra- es el grito de guerra de los tiernos locos que regentan la Sala Galán y el orgullo de todos los compostelanos que dicen adiós a las lluvias y al moho físico y espiritual del invierno. Danza, calles y belleza se hermanan durante tres días en Santiago.**

# LA LEY DE LA CALLE

### Llega a Santiago la VII edición de un apasionado y testaduro festival

Entre la estación y el centro de Santiago de Compostela, en la calle Gómez Ulla, existe una sala que levantaron hacer ya años dos gallegos incorregibles, testarudos y apasionados: Baltasar Patiño y Ana Vallés. E incorregibles y testarudos tuvieron que ser para abrir un pequeño espacio en una ciudad que no es capital de provincia. Pero eso son procesos, circunstancias, que por sí mismas no dicen nada. Es al ver los resultados cuando cada uno queda en su sitio. La Galán eligió una programación de nivel y un trabajo teatral -la de su compañía Matarile- que ha ido calando poco a poco entre los compostelanos. La Galán es hoy centro neurálgico y referente. Y, quizá, lo que mejor concentra y explica el ánimo, la voluntad y el alma de los que allí trabajan es este festival callejero que ya lleva siete años funcionando.

### SIN INTERFERENCIAS

Durante tres días, diferentes compañías de danza ocupan plazas y rincones de la ciudad. Entre espectáculo y espectáculo, dos horas de intervalo para permitir al equipo técnico del certamen montar el siguiente espacio. «Uno de los objetivos que nos marcamos cuando empezamos era ocupar espacios sin interferir en la vida cotidiana de Santiago. No se utilizan escenarios, sino espacios naturales donde los artistas bailan a pelo. Por eso le llamamos "En pé de pedra" (en pie de piedra). Por eso y por lo que tiene de grito de guerra», explica Ana Vallés. «A los 20 minutos es como si no hubiera pasado nada y la ciudad sigue su curso. El equipo es uno de los alicientes del festival: resulta una maravilla verles montar y trabajar con esa alegría. El gran éxito ha sido el público fortuito que pasa por ahí: por eso llamamos al festival "danza para paseantes". Hay un ambiente de fiesta difícil de describir... Creo que lo importante es que el festival es de los compostelanos. Lo han hecho suyo», explica Vallés. Otros dos aspectos que hacen de este encuentro algo especial, donde no sólo el espectáculo, sino todo lo que le rodea importa, son el mimo al esco-

**teatro galán**
Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela · Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** · e-mail: **t-galan@teleline.es**
*If you call from abroad: telf: 34 - 81 - 58 51 66 - fax: 34 - 81 - 58 51 21*

teatro galán

# Órbita Círculo

en Pé de PEDRA

JUL-OCT 2001



A CORUÑA

## Teatro y danza contemporáneos

**TEATRO GALÁN**

Acérquese al Teatro Galán y descubra su programación regular de teatro y danza contemporáneos, que recoge las producciones más novedosas, innovadoras y creativas de la escena española. Disfrute también de su excepcional programación especial que propicia el intercambio artístico y cultural.

PROGRAMACIÓN ESPECIAL

- Festival Internacional de Danza En Pé de Pedra, en las calles y plazas de Santiago.
- Festival Alternativa.
- Cita anual de invierno para los nuevos lenguajes escénicos.
- Cortos de teatro.
- Programa de piezas cortas para propuestas de experimentación.

**Gómez Ulla, 7. Santiago de Compostela.**
**Tel.: 981 58 51 66**
**Resto de programación y horarios, consultar cartelera**

Dto 15% para el titular y un acompañante.
**Venta de entradas en las taquillas del teatro.**

REVISTA DE INFORMACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO

DE COMPOSTELA

en Pé de PEDRA



NÚMERO 1
VERÁN 2001



# A danza de *En pé de pedra* seduciu aos paseantes composteláns durante tres días

Do 22 ao 24 do pasado mes de xuño, Santiago foi escenario da sexta edición do festival internacional de danza para paseantes en Compostela, que organizaba o Teatro Galán, co patrocinio do Concello de Santiago e do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (Igaem), e coa colaboración do CGAC, do Consello da Cultura Galega e de tres empresas privadas.
Caracterizados todos eles por un importante éxito de público, os espectáculos desenvolvéronse ao aire libre en seis rúas e prazas estratéxicas da cidade, a praza das Praterías, o parque de Bonaval, a carballeira de Santa Susana, a fachada do convento de Bonaval, o palco do paseo da Ferradura e a praza da Quintana.
Foi precisamente na Quintana onde o festival chegou ao seu punto final na madrugada do día 24 cunha espectacular e divertida exhibición de hip-hop a cargo da compañía sevillana El Punto.
A apertura de *En pé de pedra*, na tarde do día 23, tivo como escenario a praza das Praterías. Nela, a compañía catalana Mal Pelo estreaba un espectáculo dedicado a Compostela "Canción para Santiago", que baixo un sol radiante logrou sorprender a paseantes e turistas. Nesa mesma tarde tamén actuou a madrileña Teresa Nieto coa súa coreografía "Fa-dos" no parque de Bonaval, El Punto, coa presentación do espectáculo "Jaula de grillos" no CGAC, e a compañía mallorquina Au Ments, que a media noite ofreceu a peza "El viaje tarambana" na carballeira de Santa Susana.
Ao día seguinte presentaron os seus espectáculos o grupo barcelonés Lapsus Danza, que interpretou a coreografía "Zoom" na Praza da Quintana, a compañía ¿Que tal estás?, que levou á fachada do convento de Bonaval o seu espectáculo "We don't have video yet", e a italiana Compagnia Bassini Bruni, que interpretou no paseo da Ferradura a peza "Tangaz". Na ultima xornada repetíronse varias destas danzas.
Ao longo dos tres días que durou a exhibición, os paseantes composteláns puideron deterse a gozar dos espectáculos en horario de mediodía (13:30 horas), tarde (18:00 e 20:00 horas) e noite (22:00 e 24:00 horas).

**teatro galán**
Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** - e-mail: **t-galan@teleline.es**
*If you call from abroad: telf: 34 - 81 - 58 51 66 - fax: 34 - 81 - 58 51 21*

teatro galán

El Correo Gallego

24 de junio de 2001



Antonio Hernández

## El Punto! clausura 'En Pé de Pedra' con una exhibición de hip-hop

*En Pé de Pedra* llega hoy a su fin con las propuestas de las compañías **¿Qué tal estás?**, en Bonaval a las 13.30 horas; **Mal Pelo**, a las 18.00 en Praterías; **Au Ments**, a las 20:00 en Santa Susana; **Bassini Bruni**, a las 22.00 horas en el Paseo da Ferradura; **Lapsus Danza** (en la foto), a las 24.00 horas en A Quintana, y **El Punto!**, que clausurará el festival con una exhibición de hip-hop.

# TEMPOS

en Pé de PEDRA

**Teresa Nieto en Compañía. FA-DOS.** **Bonaval** ás oito. A paraxe idílica. O **fado** empeza a soar e a madrileña compañía de Teresa Nieto inicia a súa actuación. A portuguesa María da Fe debulla notas de amor e desamor. Sobre a herba, descalza, danza Teresa Nieto, paixón, tenrura, mirada cómplice, todo sentimento nesta peza dedicada ó **amigo morto**. A danza segue en Bonaval. María da Fe é relevada por Dulce Pontes e a Teresa substitúea unha parella de bailaríns bailando a danza do amor iniciático. Desexo, voluptuosidade, xogo, dúbidas... a complexa **madeixa de matices do amor mozo** enrédanse na música do fado e nos movementos dos bailaríns. A Teresa, o fado, igual que a música flamenca, vénlle moi ben, axúdalle a exteriorizar toda a forza do seu temperamento, o mesmo temperamento que lle dá folgos para seguir na loita do día a día máis de dez anos despois de iniciado o seu labor como coreógrafa, unha **loita contra o raquitismo das subvencións e a ausencia de circuítos serios** de teatro, e máis aínda de danza. Ve como moitos dos seus compañeiros están deixando a danza despois de anos traballando ou como outros conseguen estrean e non volven a representar máis. "Hai que ter moita paixón e moitos riles para seguir adiante", -di. Segue a soar a música. O fado tensa o seu corpo como a corda dunha guitarra. Chama con forza ó público con mirada directa. A ela, sen dúbida, sóbranlle paixón e riles.

**El Punto! Danza Teatro!. Jaula de Grillos.** **CGAC** ás dez. Non son xa paseantes curiosos, turistas ou familias ociosas, os que se amorean ás portas do CGAC. O día acabou e comeza o venres nocturno compostelán. Non se escoita xa a paixón doce do fado senón a rebeldía e a frescura de **músicas brasileiras** e ***hip hop***. Sobre as lousas do CGAC danzan os rapaces da compañía madrileña El Punto! Danza Teatro, dirixidos polo brasileiro **Fernando Ramis**. O baile está cheo de significado. Os rapaces buscan a **saída á prisión cotiá**, "facer soa-los nosos berros agudos e monótonos antes de que comece a tempestade". Deste xeito, durante o cuarto de hora que fican danzando, evolucionan desde a quietude inicial e a inhibición dos movementos e dos xestos ata a máxima espectacularidade da danza *hip hop* coa que pechan o espectáculo. A peza delata a procedencia teatral do director e a súa preocupación pola **simboloxía**. Segundo recoñece Ramis, coa música da rúa "tentamos contar que por máis que tenten reprimirnos non vai servir de nada, porque nós imos seguir bailando e abrindo as portas que faga falta para poder manifestar no que cremos".





**Au Ments. El Viaje Tarambana.** O día remata na **carballeira de Santa Susana** coa compañía Au Ments. Pés descalzos sobre a terra traen a Santiago a **parábola da inmigración** en ***"El Viaje Tarambana"***. "Coa arte", coméntanos a bailarina principal, **Andrea Cruz**, "queremos expresar toda a dor do que ten que partir". Andrea é chilena e na súa face tinguida de azul para o espectáculo intúese que coñece ben a **dor do desarraigo**. O xestual aparece como movemento, e os bailaríns atrévense técnicas circenses ou o traballo con obxectos como as grandes e pesadas maletas da partida. Bailan descalzos sobre a superficie terrosa da carballeira, facendo danzar a cidade ó seu compás. Para Andrea, iniciativas como En pe de pedra ou os **Días de danza de Barcelona**, son fundamentais. O envés negativo da moeda é que non haxa máis cidades dispostas a moverse ó ritmo da danza.

# TEMPOS

en Pé de PEDRA




**E**n Pé de Pedra chegou a Santiago un ano máis para darnos a entender que, ás veces, na representación artística cómpre máis
arrouto na expresión e menos nos contidos. O **sexto festival internacional de danza para paseantes** (sic) sobordou calidade,
malia a reducción de orzamento e compañías convidadas respecto a anteriores edicións. Sete formacións de Italia, Canarias-Ale-
maña, Cataluña, Madrid e Baleares fixeron un total de quince representacións por diversos escenarios abertos da capital galega.. En Pé de
Pedra forma parte dun **circuito internacional** de cidades que danzan: Barcelona, Xetafe, Lisboa, Trento, Boloña, Rávena, Marsella, Lon-
dres, A Habana, Bogotá e Buenos Aires. Un certame organizado pola **Sala Galán** e patrocinado polo **Instituto Galego das Artes Escéni-**
**cas e Musicais (IGAEM)** e o **concello de Santiago**, que ten como filosofía **non intervir mediante escenarios ou outros soportes na**
**arquitectura da cidade**. No fondo unha teorización sobre a **danza, baixo diferentes formas e estilos**, como vehículo de **representa-**
**ción de sentimentos e actitudes humanas e máis cotiáns realidades** adubada con **diversos estilos musicais**. O movemento do
corpo vai máis alá da física e da fisioloxía, e transcende acugulado de sentimentos, paixóns e vontades. Danza práctica que convida á refle-
xión teórica sobre as pouco exploradas oscilacións conscientes e inconscientes dos nosos corpos.

## EN PÉ DE PEDRA **A virtuosa coreografía do corpo**

Mal Pelo. Canción para Santiago. Compostela, seis da tarde. Comeza o En pé de Pedra. **Praterías** é un sitio privilexiado. A sombra aloumiña mansamente
as pedras mentres xuño queima no resto da cidade. Irrompe a música e catro bailaríns saltan ó improvisado escenario. Son a compañía catalana Mal pelo na súa
estrea da ***Canción para Santiago (canción para un sordo)***. Arrodéaos un público tamén improvisado. Turistas, nais, raparigos, estudiantes, xente de paso, a pecu-
liar fauna da praza, deténense chamados pola curiosidade. Mal Pelo comeza a debuxar sensacións de caos e de ruptura sobre as pedras de Praterías. Non procuran
tanto a linearidade do argumento como **provocar** no seu público **emocións** concretas, implicalos no devalar dos seus movementos. Xiran, saltan, sóbense á fonte,
tiran unha bicicleta á auga... -"Mira mamá, tirou a bicicleta, tirouna á auga....". A nena rise fronte á **ruptura**, ruptura da rutina, da norma, do esperado. -"Dende
logo...", responde a nai réproba.

A danza xeradora de emocións comeza a ter efectos. **Elementos teatrais e textuais** súmanse ó remuíño de movementos, anunciando unha das característi-
cas da edición do Pé en pedra deste ano, a **heteroxeneidade e a apertura a linguaxes novas**. A comunicación co público é fundamental, un público de balde e
fugaz pero non por iso menos importante."A danza na rúa educa e fai público, que moitas veces falta nas salas de danza. Non hai costume de ver danza. Ainda que
estamos mellor que hai uns anos, falta moito camiño por percorrer", engade **Pep Ramis**, fundador da compañía xunto con María Muñoz. A peza remata, a bicicleta
é recuperada da fonte, os bailaríns desaparecen polas rúas que van dar á praza e, en cinco minutos xa non queda nada, nin nai, nin nena, nin o público que alfom-
braba as escaleiras momentos antes.



**teatro galán**
Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** - e-mail: **t-galan@teleline.es**
*If you call from abroad: telf: 34 - 81 - 58 51 66 - fax: 34 - 81 - 58 51 21*

teatro galán

# TEMPOS

en Pé de Pedra

**Lapsus Danza. Zoom.** Esta compañía barcelonesa catapultou a súa última montaxe, ***Zoom***, na praza da **Quintana**, totalmente a pé de pedra. Un espectáculo audiovisual sen principio nin fin para catro actores argallado sobre unha secuencia de escenas ó redor dunha estructura metálica por todo marco espacial. Detrás deste espectáculo de danza obsérvase un **ensaio sobre as relacións humanas**. O corpo como espacio: habitación e límite, onde pensamos e a través do que nos relacionamos. O movemento e a danza frenética, como algo particular que nos caracteriza, contrastan co mutismo e a parálise dos espectadores, como estatuas sobre o chan de pedra.



En Compostela representouse a versión reducida: media hora, en espacio aberto e sen vídeo. Para esta ocasión os actores transforman o panel, de metal e tea, ó longo da representación, ofrecendo diferentes visións de espacio: dun muro opaco a un cubo transparente. O muro do principio está dotado de portas, desde "detrás" das que saen, por escenas, cada un dos actores, e representan a fronteira simbólica entre o espacio interno e o externo de cada un deles. O cubo, resultado final da transformación, é unha armazón metálica núa que vai xirando sobre si mesma, impulsada polos pés dos actores. Cada un, desde o correspondente curruncho do cubo, é unha **representación dupla do espacio**: o espacio físico do corpo que un é e o espacio físico da casa –o cubo- da que forman parte, movéndoa. Desta forma xa non queda "diante", nin "detrás", simplemente o espacio baleiro e transparente a través do que os actores se miran e os miramos. Durante toda a representación soan os ritmos metálicos das composicións orixinais de Joan Saura. Un estilo de novas músicas, entre o *techno* e o *new age*. O obxectivo, crear tensión, distensión, alegría, pesadume, violencia... en cada escena e infundir sobre o espectador un estado de ánimo.

**¿Que tal estás? ¿Qué tal estás? — We don't have video yet**. Unha doce melodía chinesa aburbulla como un manancial dos pés do **Museo do Pobo Galego** e unha parella de actores comeza a xirar. Primeiro ó redor de si mesmos -en vertical, en horizontal-, e máis tarde un ó redor do outro, choutando, brincando, paroiando, xesticulando, deixando acariñar os pés espidos polo cómaro verde e a pedra. Pouco a pouco, e a medida que o espectáculo vai medrando en intensidade, o silencio que o público brinda tórnase sorriso cómplice, sen que por iso deixe de preguntarse, de principio a fin, a qué caste de representación está a asistir. Tal vez unha **representación da cotiá relación de parella**... pero só iso, só un tal vez.



**Todo canto vemos carece de sentido**, malia que cada un dos presentes entre o público vese a si mesmo nas actitudes e reaccións dos protagonistas: seducción, busca, atracción, rexeitamento, desprezo, namoramento, soidade, complicidade, dúbida,... Unha danza chea de contrastes: violencia e sensualidade, tan pronto se desencadea unha tormenta de movementos corporais como unha muda inmobilidade. Un monólogo sobre o que se van sobrepoñendo, uns Rolling Stones melancólicos, Navajita Plateá, Tuva e Mitchell Froom.

***We don't have video yet*** é a culminación dun proxecto entre os profesores **Natalia Medina** e **Dominik Borucki**. Canaria ela, puxo en marcha hai seis anos o **Certame de Danza Contemporánea de Maspalomas**, na illa de Gran Canaria, un encontro de bailaríns que foi engrosando en cartel e internacionalidade. Dominik Borucki, un alemán que se move entre Europa e os Estados Unidos, entre a docencia e a interpretación, estivo tamén presente neste encontro da man do grupo **Lapsus** para a representación de ***Zoom***. Valente rapaz.

calaventos



**Compagnia Bassini Bruni. Tangaz.** Na noite da Alameda xorde, desde o palco circular da **Ferradura**, o espectro fantasmal dun folleto para catro bailaríns, un actor e tres músicos. Desde Rávena (Italia) chega unha rica montaxe que mestura danza, música e teatro. Os protagonistas vanse despoxando das súas vestimentas -ata quedar en tangas-, **espindo** os seus **soños** e as súas **ilusións**. ***Tangaz*** caracterízase por unha interpretación moi libre dentro dunha sucesión de secuencias moi marcadas. Contemplar con serenidade esta obra entraña para o espectador o reto de calibrar sobre onde é que realmente se apoia este **espectáculo hilarante**, e ó mesmo tempo **crítico**, que amosa os **problemas sentimentais** e as **dúbidas existenciais** dunha xeración despistada ¿Na calidade da danza e a coidadosa coreografía? ¿Na emotividade da dramaturxia e na forza da palabra? ¿No percorrido dun bandoneón desde a melancolía do tango ata a alegría das danzas populares da Romagna italiana? ***Tangaz*** son as nosas **actitudes** reveladas a través dos **movementos cotiáns** e os **tics**, **esaxerados** ata un grao extremo, un dinamismo onde xestos, palabras e movementos se mesturan ó mesmo tempo, sobre a música, provocando o riso e a reflexión do espectador.

O corpo como expresión do fervedoiro de **inquietudes íntimas** e **sociais**. Eclecticismo como **porta de saída** ós máis variados **sentimentos**. Pés debuxando na pedra dozura, rebeldía, berros contidos, denuncia, inquietude... os ritmos que fixeron danzar Compostela ó longo de tres días, os ritmos baixo os que, en definitiva, danzamos todos nós, marionetas, durante toda unha vida.

**Texto Belén Puñal, Ivám Cozinha**



**teatro galán**
Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** - e-mail: **t-galan@teleline.es**
*If you call from abroad: telf: 34 - 81 - 58 51 66 - fax: 34 - 81 - 58 51 21*

# o correo galego

en Pé de PEDRA

### PREMIO PARA BIEITO IGLESIAS

O escritor ourensán Bieito Iglesias Araúxo resultou se-lo gañador do XIII Premio de Novela Manuel García Barros, que convoca o Concello da Estrada, coa obra 'A historia escríbese de noite'. A entrega do galardón, dotado con 1,5 millóns de pesetas, será o 23 de novembro. 33

ABRI UNHA FIESTRA PARA TODOS
Océ@no Internet
Caderno Central

### AUMENTO DE SALARIO ÓS MILITARES

O Consello de Ministros aprobou onte o novo Regulamento Xeral de Retribucións das Forzas Armadas que suporá unha mellora de 26.000 millóns de pesetas para este fin e da cal se beneficiarán 80.000 militares dun total de 150.000, segundo informou o ministro de Defensa, Federico Trillo. 18

# o correo galego

*Único xornal en galego* • Sábado, 23/VI/2001 • Fundado no 1994 Nº 2.704 • Director: X.M. Rey Nóvoa • 150 Pesetas 0,90 Euros @ http://www.elcorreogallego.es e-mail: grupocorreogallego@elcorreogallego.es

## Tráfico retiraralle-lo carné ós conductores con 3 faltas graves

### Terán unha opción de recuperalo se asisten a un curso de mentalización

O director xeral de Tráfico, Carlos Muñoz Repiso, confirmou onte que a nova Lei de Tráfico, que se encontra en trámite parlamentario e que podería quedar aprobada despois do verán, recolle a retirada e anulación do permiso de conducir ós conductores que cometan tres infraccións moi graves no prazo de dous anos. Muñoz Repiso precisou que esa revogación do carné de conducir "poderá interromperse se se realizar un curso de mentalización", o que significa, na súa opinión, que non se trata "dunha norma absolutamente estricta".

O diretor xeral de Tráfico mostrouse reticente á posibilidade de que a nova lei puidera incrementa-la limitación de velocidade ata os 140 quilómetros por hora. "Débese afastar toda idea de aumenta-la velocidade e transmiti-la idea dunha conducción tranquila e sosegada". 18

## Unha parella e o seu bebé foxen do 'inferno' colombiano e piden asilo político en Santiago

A Policía de Aduanas do aeroporto santiagués de Lavacolla deportou un grupo de pasaxeiros do voo da compañía Avensa, que onte operaba por primeira vez procedente de Caracas (Venezuela). Sen embargo, tres cidadáns colombianos, unha parella e a súa filla de curta idade, permanecen no aeroporto á espera de que se resolva a súa petición de asilo político dado que, segundo aseguran, no seu país de orixe son perseguidos. 15



## 'Mal pelo' abre o festival 'En pé de pedra' en Compostela

A compañía catalana *Mal Pelo* encargouse onte de inaugura-la sexta edición do festival *En Pé de Pedra*, presentando na compostelá praza de Praterías o seu novo espectáculo *Canción para Santiago (Canción para un sordo)*, creado e interpretado por María Muñoz e Pep Ramis en exclusiva para esta ocasión, como amosa a foto de Fernando Blanco. **Pax. 32**

## Convenio entre Galicia e Castela-León na loita contra incendios

Os responsables de Medio Ambiente de Galicia, Carlos do Álamo, e Castela e León, Silvia Clemente, asinaron un protocolo de colaboración polo que ámbalas dúas comunidades se comprometen a traballar conxuntamente na extinción dos incendios forestais que se produzan nas comarcas e áreas naturais limítrofes, entre as que se encontran algunhas de tan alto valor natural como Ancares, Courel, Bierzo ou Sanabria. Del Álamo asegurou que "o monte non arde só" anque, concluíu, as abundantes chuvias deste ano e as temperaturas altas faciliten a súa propagación. Coa firma deste compromiso, os servicios forestais e de protección de incendios das dúas autonomías traballarán de forma coordinada na preservación dos recursos dos territorios marcados pola veciñanza xeográfica. 4

Urbanización Sup 4 CONXO



EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Zonas axardinadas e docentes
- Centro sociocultural
- Parque público de 20.000 m2.
- Pisos, Apartamentos, Baixos Comerciais e Prazas de Garaxe

visítenos en:
RUAFER SA construccións
República do Salvador, 15 • Telfs.: 981 59 16 50 - 54 • Fax: 981 59 16 58 • SANTIAGO

«En pé de pedra» finaliza con cinco funcións e unha exhibición de «hip-hop» na Quintana

# En busca do paseante dominical

C.F.
SANTIAGO

En busca do paseante dominical. *En pé de pedra*, pecha hoxe ciclo coa panorámica do que acontece no mundo da danza contemporánea, a medias contaminada de teatro. A terceira das xornadas deste festival sorpresivo para os camiñantes e puntual para os espectadores, é a máis intensa das tres programadas.

Ata seis desas funcións comprimidas que fan de *En pé de pedra* o festival singular que é, selecto pero popular, impulsivo pero comedido.

Ademais das diversas e diverxentes posibilidades da danza, o festival clausura hoxe cunha exhibición de hip-hop na praza da Quintana (00.30) para demostrar, entre outras cousas, o valor cosmopolita das cousas de expresarse co corpo de baile. A compañía sevillana El Punto, que interpreta no festival *Jaula de grillos*, botará o peche co mundo traspasado da barriada a un dos centros do universo cristiano. Son os paradoxos propiciados polos sustratos culturais.



ALVARO BALLESTEROS
**Teresa Nieto interpretou «Fa-dos» sobre a herba do parque de Bonaval**

As seis funcións previstas para hoxe resumen o festival e a súa intención de fornercer ós paseantes espectadores dunha información básica, pero suficiente, sobre o que pasa na península na danza, dende a ironía ata a lírica; cousas compatibles case sempre aínda que menos do previsible. Como fin de festa, doce horas cheas de movemento nos espacios da cidade, un maratón escénico para combatir a resaca de San Xoán e o calor do presente.

## PROGRAMA

▶ **QUE TAL ESTÁS.** ***We don't have video yet.*** 13.30 horas. Rúa de Bonoval. Fachada do convento. Dirección: Dominick Borucki.

▶ **MAL PELO.** ***Canción para Santiago.*** 18 horas. Praza das Praterías. Estrea no festival. Creación: María Muñoz e Pep Ramis.

▶ **AU MENTS.** ***El viaje tarambana.*** 20 horas. Carballeira de Santa Susana (Alameda). Dirección: Tomeu Gomila.

▶ **COMPAÑÍA BASSINI BRUNI.** ***Tangaz.*** 22 horas. Paseo da Ferradura. Dirección: Claudia Bruni, Selina Bassini.

▶ **LAPSUS DANZA.** ***Zoom.*** 24 horas. Praza da Quintana. Estrea no festival. Dirección: Alexis Eupierre.

▶ **EL PUNTO! DANZA TEATRO.** ***Exhibición de hip-hop.*** 00.30 horas. Praza da Quintana. Clausura do festival. Dirección: Fernando Lima.

DANZA

CAMILO FRANCO

## ELECCIÓNS NARRATIVAS

Resulta plausible que a danza no presente fuxa, como tantas artes, dos excesos líricos e se adentre en camiños narrativos que, máis que o centro das historias, busquen aquelas superficies da epidermis que mellor coincidan coa do espectador.

Resulta mesmo entendible e necesario e queda patente en *En pé de pedra* que non basta con aquela idea, certamente reducida, de que toda expresión elaborada conduce inevitablemente á lírica. Pode que na danza acontecera así, ou aconteza por algures aínda, pero vese no festival como, finalmente, se vai impoñendo paulatinamente a decisión de contar historias, de ir disciplinando a expresión ás ganas de contar.

Os camiños narrativos teñen estas cousas. Pero tamén hai que decir que *En pé de pedra* foxe da caudalosa novelística industrial e focaliza os seus argumentos sobre os fragmentos das grandes historas. Decía un certo escritor, con éxito, do XIX (dous séculos atrás, xa que logo) que toda vida era só o fragmento dunha totalidade impensable.

Ben podería ser que a danza teña avanzado máis depresa que a prosa nestas cousas e que faga comprender mellor que polas partes un pode adiviñar o todo, pero que a dimensión do todo non permitirá recoñecer as partes. Só unha parte da literatura leva intuído este asunto para o cambio de milenio, pero na danza vai sendo moeda habitual de interpretación.

Como a mestura das linguaxes ou a aceptación definitiva de que calquera movemento doméstico ten un reverso coreográfico que, se tivesemos ganas de buscar denominacións, podería ser coloquilismo ou así.

Así que El Punto mestura a decidada plástica da ximnasia masculina e lle vai incorporando o hip-hop, mesturas musculares moi distantes do humor doloroso ou acedo que Au ments exhibe *El viaje tarambana* para mesturar un aire de fantasía circense e sobre unha inquedante contundencia narrativa.

Tamén nunha certa contundencia narrativa se apoia *Zoom*, a peza de Lapsus danza, concentrándose na tensión das relacións, na as veces estrana influencia dunhas persoas sobre as outras. Pasan por aí as dependencias e os medos e quizais ese sexa o argumento narrativo máis definitivo: reflectirnos ó longo do camiño. Que dixo un famoso novelista.




Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** - e-mail: **t-galan@teleline.es**
*If you call from abroad: telf: 34 - 81 - 58 51 66 - fax: 34 - 81 - 58 51 21*
teatro galán

La Voz de Galicia

en Pé de PEDRA

LA VOZ DE GALICIA. **SÁBADO 2** DE JUNIO DE 2001

La Voz de Santiago

EL CRONÓMETRO **2**. MUNICIPAL **4**. SOCIEDAD **5-6**. MOVIMIENTO VECINAL **8**. AGENDA **14**. AGUA DE PLATERÍAS **15**. O ESPELLO **16**

## Desconcierto en la primera jornada de ampliación de la ORA

Un total de 1.250 plazas de aparcamiento en veintidós calles de la ciudad se sumaron ayer a los espacios sujetos a la ORA. Aunque el pago es obligado desde ayer mismo, los compostelanos tendrán hasta mediados de junio para asumir la nueva situación en los diez viales del campus sur y en los doce de la confluencia del Hórreo con el barrio de Sar. Para entonces, la grúa comenzará a actuar también en zonas ORA. «La gente no sabe aún que hay que pagar», se decía ayer por el campus como ejemplo de desconcierto. El Concello repartió ayer 3.000 folletos en las nuevas calles afectadas. **7**




ÁLVARO BALLESTEROS

## HOY RECOMENDAMOS

**LECTURAS DRAMATIZADAS**

**Salón Teatro**

*La Consellería de Cultura y el Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais presentan «Extremo», de Rail Dens. La dirección corre a cargo de Lino Braxe. Reparto: Flor Maceiras, Gonzalo Uriarte, e Tuto Vázquez. Entrada libre hasta completar el aforo. A las 20 horas.*

**MAGIA**

**Dado-Dadá**

*El politacnico Carlos Ascney presenta en el club de jazz «Compostela es mágica». Este profesional, que comparte su afición a la magia con su trabajo tras la barra de este veterano local, actuará a lo largo de la velada. La entrada es libre.*

**CUENTACUENTOS**

**Red de centros culturales**

*Abierto a todo el público. En el Centro sociocultural de San Lázaro, sesión de cuentacuentos. A las 18 horas. En el centro cultural del Casco Histórico. Taller de creación. A las 18.30 horas.*

Compostela está a la cabeza de Galicia en reciclaje de vidrio y en papel se duplicó el depósito

# La recogida selectiva de residuos registra un espectacular incremento

REDACCIÓN
SANTIAGO

La recogida de vidrio coloca a Santiago como una de las ciudades, si no la primera, de mayor volumen de depósito de Galicia. Los datos comparativos de *Ecovidrio* situaban en el 99 a Compostela como la segunda ciudad, tras Pontevedra, y ahora mismo el concejal Néstor Rego cree que se ha colocado en primer lugar. Lo cierto es que el pasado año se registraron 790 toneladas, y en los tres primeros meses de abril van 290, con un aumento del 21,3% respecto al 2000. Las perspectivas son de alcanzar el millón de toneladas en el 2001.

Las pilas también registraron un destacado incremento, ya que en los cuatro primeros meses de este año los ciudadanos han depositado ya 2.680 kilogramos, cuando en todo el 2000 fueron 7.115. Es decir, hay un aumento del 17,5%.

El papel y cartón representan el avance más significativo, puesto que se ha duplicado la recogida en los primeros meses de este año, y en zonas como el casco histórico se ha triplicado. La media de 16.400 kilogramos del 2000 se convirtió en 35.000 en este año.

En envases ligeros no hay posibilidades comparativas, ya que el servicio lleva medio año en funcionamiento y se han recogido 27.000 kilogramos. Y en ropa van 62.000 kilogramos. **Sigue en la página 3**

El depósito de envases ligeros y de ropa tiene una notable aceptación pese a la reciente puesta en marcha del servicio

VIVIENDA

### La mitad de los pisos en construcción se compran para invertir

4

HOSTELERÍA

### Los empresarios aconsejan no pagar las tasas por los derechos de autor

6

SUCESOS

### Dos personas perecen en un accidente de tráfico en Boimorto

6

CULTURA

### Un espectáculo de danza dedicado a Santiago abrirá «En pé de pedra»

9

COMARCAS

### Renfe ampliará su servicio en Padrón con dos nuevas paradas de regionales

13

**teatro galán**
Rúa Gómez Ulla 7 · 15702 Compostela · Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** · e-mail: **t-galan@teleline.es**
*If you call from abroad: telf: 34 · 81 · 58 51 66 · fax: 34 · 81 · 58 51 21*
teatro galán

1989, Mal Pelo caracterízase por ofrecer unha danza visceral, un tanto escura, intimista e tinguida de «poética teatralidade». O feito de que Ramis chegase á danza procedente do mundo da música e a pintura está moi vencellado a ese enfoque poético e sutil que caracteriza o traballo de Mal Pelo, unha compañía «que queríamos traer dende hai moitos anos», confesa Ana Vallés, e coa que á fin nos poderemos entusiasmar en Compostela.

**Compagnia Bassini Bruni** (Italia)
*'Tangaz'*
*Sáb 23, 24:00h/ Dom 24, 22:00h. Paseo da Ferradura. Duración: 20 minutos.*

Unha coreografía de Claudia Bruni e Selina Bassini que propón un espectáculo de prosa, música en vivo e danza, ambientado nunha sala de baile italiana na que se van delineando unha galería de retratos provincianos a través da melancolía do tango e a alegría dos bailes folclóricos da Romagna. Trátase dun intento de conxuga-la calidade do movemento propio da danza coa narración e a dramaturxia do teatro. A compañía é a máis numerosa de cantas veremos, con cinco bailaríns e tres músicos que tocan en directo as pezas musicais que dan vida á coreografía.


Bassini Bruni

**¿Qué tal estás?** (Canarias/Alemaña)
*'We don't have a video yet'*
*Sáb 23, 20:00h/ Dom 24, 13:30h. Fachada Convento de Bonaval. Duración: 23 minutos.*

Estreada en 1999 nas Palmas de Gran Canaria, esta peza coreografiada e interpretada pola canaria Natalia Medina e o alemán Dominik Borucki busca os movementos máis pequenos da danza e se encadra, segundo os seus creadores, no teatro do absurdo, onde todo é posible. Tanto Medina como Borucki teñen influencias de varios estilos da danza e o teatro, resultando de todo isto unha combinación ecléctica entre nova danza, danza-jazz e danza-teatro. Gran calidade técnica e marcada teatralidade conxúganse no estilo destes dous artistas que representarán nesta ocasión unha historia de amor entre unha muller e un home.

**El Punto Danza Teatro** (Sevilla)
*'Jaula de grillos'*
*Ven 22, 22:00h/ Sáb 23, 22:00h. CGAC.*
*Dom 24, 24:30h. Praza da Quintana (Peche do festival). Duración: 15 minutos.*

A proposta máis novidosa do festival vén da man desta compañía que nos vai ofrecer unha auténtica exhibición de hip-hop coa que diremos ata logo ó 'En pé de pedra' deste ano. El Punto Danza Teatro, nacida en 1998, está dirixida polo bailarín e actor de orixe brasileira Fernando Lima e as súas creacións parten, di o propio Lima, «dunha concepción dramatúrxica da danza xa que esta, para min, non debe quedar só na representación do movemento senón que a través do drama pretendo chegar ó mundo do cotián». 'Jaula de grillos', unha exhibición de hip-hop estreada o ano pasado no Mes de la Danza de Sevilla, reflicte o salto constante destes insectos, dun lado para outro, buscando quizais a porta da liberdade.

**Lapsus Danza** (Barcelona)
*'Zoom'*
*Sáb 23, 13:30h/ Dom 24, 24:00h. Praza da Quintana. Duración: 30 minutos.*

Baixo a dirección artística de Alexis Eupierre, que aporta a tódalas súas



teatro galán
Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** - e-mail: **t-galan@teleline.es**
*If you call from abroad: telf: 34 - 81 - 58 51 66 - fax: 34 - 81 - 58 51 21*
teatro galán

XUÑO-XULLO 2001




# Santiago volve danzar

***Festival En Pé de Pedra** · días 22, 23 y 24 de xuño.*

Santiago volve danzar. Coa noite de San Xoán de por medio, as prazas, as rúas, os recunchos de Compostela converteranse unha vez máis en escenario do festival 'En pé de pedra', que con esta vai cumpri-la súa sexta edición. Sete compañías presentarán este ano as súas propostas coreográficas, descubríndonos unha disciplina pouco coñecida, e quizais tamén pouco comprendida, que no transcurso destes tres días nembargantes conseguirá arrastrar tras de si a atención, a ollada e o disfrute de moitos pares de ollos. Ana Vallés, responsable da programación do festival, explícanos que, seguindo a tónica doutros anos, procurouse que houbese un abano moi amplo de propostas e que estean representandas as distintas tendencias que nos ofrece a danza contemporánea. Sen altera-la vida da cidade, co mínimo de infraestructura técnica, 'En pé de pedra', que forma parte da rede 'Cidades que Danzan', conseguirá una vez máis crea-lo clímax apropiado para favorece-la festa que todo festival debe supoñer e permitir ós cidadáns redescubrir espacios que, inxustamente, quedan esquecidos pola rutina e o costume.

**Mal Pelo** (Barcelona)
***'Canción para Santiago'***
*Ven 22, 18:00h/ Dom 24, 18:00h. Praza das Praterías. Duración: 15 minutos.*

María Muñoz e Pep Ramis estrean unha coreografía pensada para Compostela e que forma parte da serie 'Canciones', xunto con 'Lucas' (Aix en Provence, 1991), 'Canción para los pájaros' (Great Outdoors, Londres 1993) e 'Canción de Bernabé' (Dro-Italia 1997). Nacida como compañía en



**teatro galán**
Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** - e-mail: **t-galan@teleline.es**
*If you call from abroad: telf: 34 - 81 - 58 51 66 - fax: 34 - 81 - 58 51 21*

teatro galán

El Ideal Gallego

en Pé de PEDRA

22 JUNIO 2001

# Siete compañías de danza tienen como escenario las calles de Compostela

Siete compañías de danza contemporánea tendrán las calles del casco viejo compostelano como escenario desde hoy hasta el domingo, en lo que forma parte de festiva internacional "En pé de pedra", que cumple su sexta edición. Las quince representaciones, durante tres días, tienen como característica que están creados para ser representados en escenarios urbanos al aire libre. "En pé de pedra" forma parte del circuito "ciudades que danzan", una red internacional de festivales.

FARO DE VIGO

en Pé de PEDRA

Viernes, 22 de junio de 2001

## Santiago, escenario de "En pé de pedra" con siete compañías de danza

Siete compañías de danza contemporánea tendrán las calles del casco viejo compostelano como escenario durante este fin de semana en el festiva internacional "En pé de pedra". "Mal pelo", de Barcelona, estrenará "Canción para Santiago" en la plaza de las Platerías; la italiana "Compagnia Bassini Bruno" actuará en el Paseo de la Ferradura y "Qué tal estás" hará su representación ante el convento de Bonaval. Por otra parte, "El punto", de Sevilla, intervendrá en el CGAC y en la Quintana; "Lapsus danza", de Barcelona, en esta misma plaza; "Au ments", de Palma de Mallorca, en la Carballeira de Santa Susana, y "Teresa Nieto en compañía", en el parque de Bonaval.

22 de junio de 2001

## Tres días de danza en las calles de Santiago

Siete compañías de danza contemporánea tendrán las calles del casco viejo compostelano como escenario desde hoy y hasta el domingo, en lo que forma parte de festival internacional "En pé de pedra", que cumple su sexta edición. Las quince representaciones durante tres días tienen como característica que están creadas para ser representados en escenarios urbanos al aire libre.

La Voz de Galicia

en Pé de PEDRA





ALVARO BALLESTEROS

**As rúas de Compostela enchéronse de artistas nunha edición de «En pé de pedra» que reuniu a centos de visitantes**

O festival que se pechou onte ofreceu unha intensa mestura de linguaxes expresivas

# «En pé de pedra» achegou a danza a outros xéneros escénicos e literarios

C.F.
SANTIAGO

Finalmente, os paseantes detivéronse a observar as rúas danzar, aínda que o terremoto fose só espiritual. *En pé de pedra* pechou onte unha sexta edición marcada pola apertura da danza a outras linguaxes. No tempo da contaminación non se entenden ben as cousas puras, agás para espacios museísticos ou cerebros verdadeiramente nostálxicos.

O asunto deste festival dirixido dende o Teatro Galán marchou destinado á sorpresa, a abrir nos espectadores o catálogo da danza, moito máis amplo do que pode semellar a partir do que chega cotidianamente ós espacios habituais de Santiago de Compostela.

Por esa banda, *En pé de pedra* reuníu nesta edición a capacidade da sorpresa e unha certa inclinación do xénero a deixar de selo.

O público agradece as pequenas mesturas, as saídas de guión e os xestos que achegan calquera expresión á súa.

A danza, esta danza que se viu en Compostela, achégase inevitablemente a outras linguaxes escénicas, o teatro claro está, e mesmo se vai aproximando con paso firme á literatura, ese lugar no que todo cabe se é capaz de trasladar ó espectador cada un dos sentidos e das sensacións que a vida e a súas historias ten.

## Novos espectadores

O festival de danza demostra tamén que non é a danza un xénero elitista. Serve o mesmo para iniciados que para o paseante que se deixa seducir pola música nas prazas. Por aí, tamén a danza está a xogar un papel de percura de novos espectadores, de universalización das mensaxes e das formas.

A incorporación das novas formas de danzar, a mestura de linguaxes doutros xéneros contribúen tamén a facer máis asequible aquela imaxe vella da danza como un couto pechado, de difícil interpretación para o espectador común.

**DANZA**

CAMILO FRANCO

## OUTROS ESPACIOS

Mergullado nas aristas da arquitectura monumental de Compostela ou na observación inusitada de ata que punto pode calquer perder a compostura cando é turista, a presencia de alguén que esquiva estas cousas en certo sentido domésticas, para danzar cousas de vida, non deixa de ser a demostración do potencia metafísico das cidades.

